



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada

### DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa  
Arias Sánchez, Pedro  
Cabeza Perciro, Jaime  
De Miguel Palacios, Carlos Juan  
Deaño Deaño, Manuel  
García Fontán, Soledad

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María

### PDI-B:

Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Sánchez Gálvez, Estevo  
Vidal Rodríguez, Saleta

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan

### CONSELLO SOCIAL:

Castela Martínez, Julio  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Gutiérrez Nieto, Manuel

López Díaz, María  
Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño  
Pino Juste, Margarita  
Pou Saracho, Juan María  
Vila Alonso, Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 29 de setembro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O xoves día 29 de setembro de 2011, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento do voluntariado da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento para a realización do traballo de fin de grao.
5. Aprobación, se procede, de solicitude de comisión de servizos.
6. Creación, se procede, de prazas de corpos docentes.
7. Aprobación, se procede, da Proposta de nomeamento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther de Blas Varela como Delegada da Universidade de Vigo na Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.
8. Estimación, se procede, do recurso de alzada contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española de data 14/06/2011 relativo á aprobación do POD do curso 2011/12.
9. Aprobación, se procede, doutras achegas a fundacións consonte o artigo 16.2 das Normas de desenvolvemento do orzamento 2011 da Universidade de Vigo.
10. Información sobre a orde de peche do exercizo 2011.
11. Aprobación, se procede, de:
  - Modificacións puntuais das tarifas do CACTI 2011
  - Tarifas ECIMAT 2011
  - Tarifas CITI 2011
12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín, Tarapoto (Perú) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín, Tarapoto (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Santo Domingo (República

Dominicana) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Santo Domingo (República Dominicana) para o intercambio de estudantes – Acordo marco de colaboración científica internacional entre l'Università degli Studi Mediterranea de Reggio Calabria (Italia) e a Universidade de Vigo.

**13.** Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 2 PDI
- Comisión de Investigación: 1 PDI

**14.** Rogos e preguntas.

O reitor toma a palabra para anunciar que se retira o punto 4 da orde do día, punto que se traerá ao próximo Consello de Goberno.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2011.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para dar conta dos acontecementos máis relevantes ocorridos durante o período vacacional.

Comeza pola sesión do Consejo de Universidades celebrado o día 22 de setembro. Sinala que foi a penúltima sesión e das máis importantes de cantas se celebraron ata o momento, pola importancia dos temas abordados e a transcendencia que teñen para o devir da universidade española:

- Estatuto do PDI: presentouse a memoria de impacto económico e financeiro; contou co informe positivo do Consejo de Universidades e o voto negativo da Conferencia General de Política Universitaria. O Ministro de Educación mostrou unha vez máis a súa vontade de aprobar o documento antes do fin da lexislatura. Dado que a súa natureza xurídica é a de Real Decreto, a súa aprobación está pendente de solicitar os informes preceptivos do Consejo de Estado antes do seu debate e aprobación polo Consello de Ministros. O reitor sinala que o próximo 3 de novembro terá lugar a última sesión do Consejo de Universidades.

- Informa sobre o Proxecto de real decreto polo que se establecen os requisitos básicos para a creación, recoñecemento e funcionamento das universidades e centros universitarios e se determina a súa estrutura mínima. O reitor sinala que por esta nova vía se pretende regular algunhas cuestións importantes, tales como os requisitos básicos que deben cumprir os centros adscritos a universidades, o réxime de creación e supresión de centros no estranxeiro e a regulación do marco xeral no que haberán de impartirse en España ensinamentos conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria, así como as condicións que haberán de reunir os centros que pretendan impartir estes ensinamentos. O reitor tamén fai referencia a que a normativa lexitima as avaliacións, que poderán supor para as universidades clasificadas un indicador para mencións adicionais. Neste sentido o reitor recorda a posición obtida pola Universidade de Vigo na clasificación Sanghai. O reitor tamén fai referencia aos

cambios de estrutura interna e aos novos modelos de gobernanza que impón o documento, que implican unha importante transformación dos centros e departamentos. Informa que o proxecto conta co informe positivo do Consejo de Universidades e da Conferencia General de Política Universitaria.

- Informe sobre o Proxecto de real decreto polo que se regula a prolongación voluntaria da permanencia no servizo activo do persoal funcionario pertencente a corpos docentes universitarios e do persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, unha vez alcanzada a idade de xubilación forzosa: o reitor dá conta de que acordaron retiralo e, polo momento, non se continúa coa súa tramitación.

- Informe sobre a Orde ministerial pola que se regula a mención de Máster Universitario de Excelencia: o reitor sinala que se introducen maiores esixencias coa finalidade de dar apoio ao financiamento das Escolas de Posgrao. Anuncia que será publicado en breve.

- Informe da reunión de expertos (da que o reitor forma parte) sobre o modelo de gobernanza da universidade española: sinala que o obxectivo é redactar un documento con recomendacións que sirvan de guía para a toma de posición sobre o novo modelo de gobernanza na universidade para que sexa máis eficaz e eficiente, pero respectando o principio da autonomía universitaria e, en consecuencia, a súa capacidade participativa e representativa.

O reitor continúa o seu informe coa felicitación pública a don Ernesto Pedrosa, pola súa designación polo Presidente da Xunta de Galicia para ocupar o cargo de Presidente do Consello Social (DOGA de 22 setiembre), en substitución do seu predecesor don Emilio Atrio.

Continúa dicindo que, de acordo co establecido no artigo 1 do Regulamento da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno o 13 de xuño de 2011, acordou nomear aos membros da citada Comisión, dando lectura a súa composición, a cal queda como segue:

- Membros natos:

- Reitor da Universidade de Vigo.
- Vicexerente de Recursos Humanos.
- Directora da Unidade de Igualdade.

- Membros designados:

- Xosé Manuel Buxán Bran, en representación do PDI con vinculación permanente.
- Coral do Río Otero, en representación do PDI con vinculación permanente
- María Fariza Novoa, en representación da Xunta de Persoal Funcionario.

- Luís Pérez Gómez, en representación dos comités de empresa de Pontevedra e Ourense (PAS laboral).
- Gloria Pena Uris, en representación da Xunta de PDI Funcionario.
- Ana Isabel Sinde Cantorna en representación dos comités de empresa de Pontevedra e Ourense (PDI laboral).
- Manuel García Vázquez, en representación do alumnado.
- Mónica Vázquez Branco, en representación do Consello Social.

O reitor dá conta de que a constitución da Comisión de Igualdade tivo lugar o pasado día 21 de setembro, na que se acordou o cronograma de traballo para a elaboración do I Plan de Igualdade.

No apartado de nomeamentos, continúa informando aos membros do Consello de Goberno que foi nomeada a profesora dona Josefina Garrido para a coordinación do máster de secundaria; e o profesor don Xosé Antón Vila como o novo director do CITI do Campus de Ourense.

Igualmente comunica, que a Universidade de Vigo asumiu a presidencia da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. A xuntanza tivo lugar o día 14 de setembro coa asistencia de representantes das tres universidades do SUG, do Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia e do Secretario Xeral de Política Lingüística.

En relación ao Campus do Mar, dá conta das seguintes actividades:

#### 1. Área temática de Proxección social:

- Participación do Campus do Mar no Festival dos Océanos de Lisboa. Nel e a bordo do Navío Santa María Manuela presentouse o Campus do Mar a unhas 9.000 persoas. Nesta actividade mantívose unha reunión-cea co Secretario de Estado do Mar do Goberno Portugués, no que se lle presentou o Campus do Mar e se acordou iniciar contactos para concretar o grao de colaboración.

- Iniciativa Campus do Mar na Praia. Percorrido por 3 praias de Galicia (Riazor, Sanxenxo e Samil) na que durante nove días 9.000 persoas visitaron as 8 casetas que ocuparon 250 m<sup>2</sup> de praia.

#### 2. Área temática de cooperación institucional:

- Apoio á candidatura a Campus de Excelencia Internacional "CEIMAR" da Universidade de Cádiz.

### 3. Área de Transferencia:

- Entrega dos premios Marine Innova 2010 no ámbito do fomento da actividade emprendedora e convocatoria dos premios Marine Innova 2011.

### 4. Campus dixital:

- Convocatoria de 7 bolsas para o campus dixital para o curso 2011-12, destinadas a estudantes de enxeñarías, informática, comunicación audiovisual, mercadotecnia e publicidade, belas artes ou titulacións afíns.

### 5. Área de captación de talento:

- Resolución das bolsas de máster do Campus do Mar. Foron concedidas as primeiras 35 bolsas de máster por un montante de 350.000 €. Estas bolsas están destinadas a estudantes que se incorporen másteres das universidades galegas e que realicen o proxecto fin de máster sobre un tema mariño ou marítimo.

- Recibíronse solicitudes de 12 países de Europa e América, as 35 bolsas foron concedidas a 29 estudantes comunitarios e 6 non comunitarios que cursarán estudos en 22 másteres. 5 bolsas corresponden a másteres do ámbito científico, 6 do tecnolóxico e 4 do xurídico social.

#### **Punto 3.** Aprobación, se procede, do Regulamento do voluntariado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria que comeza a súa exposición dicindo que o texto presentado persegue a adecuación do regulamento de voluntariado á Lei autonómica 3/2000. Informa da finalidade do regulamento, do concepto de persoa voluntaria e dos obxectivos da Universidade de Vigo potenciado as accións do voluntariado. Continua sinalando que o regulamento ademais de determinar os dereitos e deberes e demas normas de funcionamento da actividade das voluntarias e voluntarios, fixa un total de 10 horas semanais como tope por persoa para desenvolver a súa actividade. Sinala que o número máximo de persoas voluntarias por curso será de 150. Termina a súa exposición dicindo que hai facultades moi comprometidas, citando como exemplo a seguir a Facultade de Belas Artes polo seu elevado número de voluntarias e voluntarios.

Apróbase por asentimento o regulamento recollido no **Anexo I**.

#### **Punto 4.** Aprobación, se procede, do Regulamento para a realización do traballo de fin de grao.

Retirado da orde do día. Levarase á próxima reunión do Consello de Goberno.

#### **Punto 5.** Aprobación, se procede, de solicitude de comisión de servizos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen solicita a aprobación da comisión de servizos a favor do profesor don José María da Rocha Álvarez da Universidade de Vigo (Departamento de Fundamentos e Análise

Económica e Historia e Institucións Económicas), para prestar os seus servizos no Departamento de Economía e Historia Económica da Universidade Autónoma de Barcelona por un período dun ano.

Informa que a solicitude obtivo os informes favorables do departamento correspondente (Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas) e da COAP.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Creación, se procede, de prazas de corpos docentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que, na sesión da COAP do 21 de setembro, se deu o informe favorable á creación das seguintes prazas:

- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Análise Matemática, pola promoción do profesor contratado doutor don José Angel Cid Araujo.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Álgebra, pola promoción da profesora contratada doutora dona Marta Pérez Rodríguez.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Estratigrafía, pola promoción do profesor contratado doutor don José Bienvenido Diez Ferrer.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Química Física, pola promoción de don Marcos Mandado Alonso (Plan de Promoción).
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Química Orgánica, pola promoción de don Carlos Silva López (Plan de Promoción).
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Filoloxía Galega e Portuguesa.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Lingüística Xeral, pola promoción do profesor contratado doutor don Fernando Ramallo Fernández.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Física Aplicada, pola promoción de don Jacobo Troncoso Casares (Plan de Promoción).
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Física da Terra, pola promoción de dona Raquel Olalla Nieto Muñiz (Plan de Promoción).
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Teoría do Sinal e Comunicacions, pola promoción do profesor contratado doutor don Pedro Comesaña Alfaro.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Teoría do Sinal e Comunicacions.

- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Dereito Administrativo, pola promoción da profesora contratada doutora dona Sonia Rodríguez-Campos González.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Dereito Administrativo, pola promoción da profesora contratada doutora dona Patricia Valcárcel Fernández.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Dereito Administrativo, pola promoción do profesor contratado doutor don Rafael Fernández Acevedo.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Fundamentos de Análise Económica, pola promoción do profesor contratado doutor don Marcos Álvarez Díaz.
- Unha praza no corpo de Titulares de Universidade na área de Organización de Empresas, pola promoción da profesora contratada doutora dona María de los Ángeles Quintas Corredoira.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da Proposta de nomeamento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther de Blas Varela como Delegada da Universidade de Vigo na Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón que, segundo o artigo 24 do Regulamento de centros adscritos, os delegados dos centros adscritos serán nomeados polo Consello de Goberno a proposta do reitor entre os profesores con vinculación permanente. A vicerreitora informa que ata o momento o delegado da Universidade de Vigo na Escola de Enfermería era o profesor don David Casado, quen presentou a súa renuncia, polo que propón o nomeamento da profesora dona Esther de Blas do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Só.

Intervén o Prof. Armando Caballero, para reclamar un perfil máis axustado ás ciencias da saúde.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, defendeu o seu nomeamento pola súa vinculación ao Campus de Ourense e tamén por dispor da suficiente folgura académica para poder desempeñar o cargo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Estimación, se procede, do recurso de alzada contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española de data 14/06/2011 relativo á aprobación do POD do curso 2011/12.

Foron invitadas a Prof<sup>a</sup> María Rosa Pérez Rodríguez (asinante do recurso) e a Prof<sup>a</sup> Ana María Fernández Soneira, secretaria do Departamento de Lingua Española.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón que se trata de un recurso de alzada interposto polas profesoras Inmaculada Baez Montero e María Rosa Pérez, contra o acordo adoptado polo Consello de Departamento de Lingua Española do día 14 de xuño de 2011, sobre a adxudicación de docencia vacante no POD 2011-2012. As recorrentes solicitan que se declare a nulidade do devandito acordo e que o Consello de Goberno ratifique como válido o tomado polo mesmo Departamento con data de 19 de maio.

A vicerreitora comeza dando conta dos antecedentes do recurso: con data de 19 de maio o Departamento de Lingua Española elabora a proposta de POD para o curso 2011-2012 e acorda a saída a conurso de prazas consolidables, a renovación do contrato dunha profesora asociada, e non renovación de dous profesores asociados. Se solicita ademais que a docencia que quedaría vacante (420 horas) se proceda a cubrir coa apertura dun concurso para contratar interinos de substitución.

A proposta inicial foi analizada pola COAP e rexeitada na súa reunión de 7 de xuño, por considerar inxustificada a non renovación de profesores asociados cando existe docencia vacante e por considerar excesiva a docencia asignada a futuras contratacións por listas de garda. A COAP comunica ao Consello de Departamento que debe reformular o POD e repartir a docencia vacante entre os profesores asociados e as futuras prazas derivadas de contratacións por listas de agarda. O Consello de Departamento de Lingua Española, na súa reunión de 14 de xuño, modificou o POD nos termos indicados pola COAP, renovando o contrato aos profesores asociados don Eduardo Cid Sánchez e dona Lucía González Carballás (deixando para a lista de agarda 120 horas).

Contra este último acordo interpoñen recurso de alzada as profesoras Inmaculada Báez e María Rosa Pérez, alegando os motivos que expoñen na documentación entregada aos membros do Consello de Goberno.

A vicerreitora informa que, de acordo co decidido na reunión anterior, a COAP na súa sesión do 20 de xullo, na que se analizou o último POD do Departamento de Lingua Española, se ratifica no acordo anterior ao entender que, aínda que é certo que a figura do contratado interino por substitución é usada para a cobertura de docencia vacante, non debe ser utilizada en exceso, sobre todo cando hai na área profesorado que pode seguir encargándose da docencia. Por todo o exposto, a vicerreitora aconsella desestimar o recurso.

O reitor cede a palabra á Prof<sup>a</sup> María Rosa Pérez, quen reproduce e amplía os argumentos expostos no seu recurso. Sinala que descoñece o motivo polo que non se aproba a decisión do Departamento de non renovar os contratos de dous profesores asociados cando hai dúas prazas consolidables para o segundo cuatrimestre; que a decisión do Departamento é unha aposta pola calidade docente e o perfil que debe reunir o profesorado, pois hai persoas na lista de agarda cun perfil docente e investigador que poden ser escollidos e baremados segundo mérito e capacidade. Ao seu xuízo, non hai normativa que obrigue a renovar anualmente o contrato dos profesores asociados. Considera que a renovación, se hai docencia vacante, pode dar lugar á perpetuación vitalicia do profesor asociado sen filtros nin control de calidade. Solicita a estimación do recurso.



O reitor cede a palabra á Prof. Ana María Fernández Soneira, secretaria do Departamento de Lingua Española, quen di que está de acordo co recurso interposto polas profesoras.

Intervén a vicerreitora sinalando que discrepa da opinión de que o Departamento aposte por perfís docentes e investigadores a través de listas de agarda. As figuras de profesorado son as establecidas na LOU e están reguladas. As listas de agarda son un arranxo para paliar determinadas situacións puntuais pero non deben ser unha aposta por un tipo de profesorado. No caso que se discute, hai 420 horas sen cubrir e dous profesionais que prestaban os seus servizos que teñen unha valoración positivas dos estudantes, argumentos que aconsellan a súa continuidade por un ou dous anos.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para dicir que se opón a utilizar listas de agarda se hai profesorado que poida dar a materia, xa que, esta modalidade de contratación prexudica a docencia.

Continúa cun pequeno debate no que intervén o profesor José Bienvenido Díez e o Sr. Federico Fernández sobre a necesidade de contar cunha normativa clara sobre os profesores asociados, así como a imposibilidade de considerar as listas de agarda como perfís profesionais.

A vicerreitora solicita aos membros do Consello de Goberno a desestimación do recurso.

Apróbase a desestimación do recurso con dúas abstencións e 0 votos en contra.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, doutras achegas a fundacións consonte o artigo 16.2 das Normas de desenvolvemento do orzamento 2011 da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen expón que está a punto de finalizar a firma dun convenio coa fundación pública Escola de Organización Industrial para impartir cursos con fondos FEDER, pero que requiren unha cofinanciación por parte da Universidade de Vigo (sobre o 10% da financiación total). Solicita a autorización para achegar fondos a dita fundación en concepto de financiamento para a execución de proxectos subvencionados polo Fondo Social Europeo e polo FEDER. Sinala que hai dúas achegas: coa primeira achega perséguese a organización de cursos profesionais no marco do emprendemento, perfílase un proxecto piloto de 7 cursos, a desenvolver entre outubro de 2011 e decembro de 2012; coa segunda achega, perséguese a posta a piques dun polo de innovación acelerador de negocios en CITEXVI que se desenvolverá entre outubro de 2011 e decembro de 2012.

En consecuencia, solicítase que se autorice a achega polo importe de 32.384 euros das anualidades de 2011.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Información sobre a orde de peche do exercizo 2011.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen expón que a orde de peche do exercizo 2011 garante os principios de disciplina orzamentaria en relación coa contabilidade de gastos e ingresos públicos. Expón as operacións recollidas no **Anexo II**.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, de:

- Modificacións puntuais das tarifas do CACTI 2011
- Tarifas ECIMAT 2011
- Tarifas CITI 2011

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen sinala que se trata dunha modificación puntual das tarifas do CACTI. Todas as tarifas foron aprobadas polo Consello de Goberno e o Consello Social, están contempladas nos orzamentos da Universidade. Ás anteriores incorpóranse, por primeira vez, as de ECIMAT e CITI, que a partir de agora facturarán polos servizos que prestan a usuarios da Universidade, a outros centros públicos de investigación e a empresas ou centros de investigación privados.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín, Tarapoto (Perú) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de San Martín, Tarapoto (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Santo Domingo (República Dominicana) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Santo Domingo (República Dominicana) para o intercambio de estudantes – Acordo marco de colaboración científica internacional entre l’Università degli Studi Mediterranea de Reggio Calabria (Italia) e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 13.** Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 2 PDI
- Comisión de Investigación: 1 PDI

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para informar que para a Comisión de Organización Académica e Profesorado presentáronse as seguintes candidaturas:

- Juan María Pou Saracho
- Soledad García Fontán

Para a Comisión de Investigación presentáronse as seguintes candidaturas:

- Armando Caballero Rúa

Como hai o mesmo número de candidaturas que de postos a cubrir non procede celebrar eleccións, polo que os candidatos pasan a formar parte das comisións para as que presentaron a súa candidatura.

**Punto 14. Rogos e preguntas.**

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para facer unha protesta pola falta de prazas por traslados no Grado en Economía. Roga ao Consello de Goberno que poidan prescribirse todos os alumnos que o desexen.

Responde a vicerreitora de Organización Académica que se analizará o ano que vén pero que xa non é posible neste curso académico.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para opinar que, aínda que saben do exceso de traballo na Vicerreitoría de Investigación, detéctase certa ralentización nas convocatorias. Igualmente, solicita que se solucionen os problemas informáticos que aparecen coa xestión das listas de agarda, que producen que ao final haxa que recorrer a invitacións. Finaliza a súa intervención dicindo que, despexado o marco normativo, é o momento de tomar decisións sobre cales son os modelos de gobernanza en centros e departamentos. Solicita ao reitor que a reflexión sexa previa para desenvolver un adecuado proceso de reforma.

O reitor responde que será a partir do 3 de novembro, data no que terá lugar o último Consejo de Universidades da presente lexislatura, cando se poida iniciar o proceso para definir un modelo de gobernanza interna. Sinala que o equipo de goberno está programando un calendario de traballo.

Intervén a vicerreitora de Investigación para dicir que a ralentización obedece á acentuación da transparencia na actual convocatoria e a algún que outro problema técnico.

Intervén o Prof. Armando Caballero para pedir que se fagan xestións para saber con antelación a data en que terá lugar a apertura oficial e así evitar que non se produzan interrupcións da actividade nos centros.

Responde o reitor que a fixación da data é unha decisión allea á Universidade de Vigo, que depende da vontade do Presidente da Xunta de Galicia.

Intervén novamente o Prof. Armando Caballero para facer unha valoración sobre a desaparición da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia de Coñecemento no Campus de Ourense.

Responde o reitor expresando o seu respecto pola decisión persoal da vicerreitora e a súa satisfacción co traballo desenvolvido durante o seu mandato, pero defende a aposta do equipo de goberno polo novo modelo de reordenación que se reflicte no decreto de delegación de competencias, porque contribúe a unha mellora da gobernanza dos campus, da descentralización e do aforro.

O profesor Jaime Cabeza pregunta se o novo modelo supón unha supresión dunha Vicerreitoría de Investigación no Campus de Ourense para todo o mandato.

O reitor responde que nomeou un novo director do CITI.

Intervén o profesor Armando Caballero para preguntar se é certo que a Universidade de Vigo podería asumir as escolas de Enfermaría no Campus de Ourense.

O reitor responde que a petición está feita: se está facendo un estudo, para presentar diante de Sanidade, sobre cales serán as condicións (académicas, de xestión, económicas e procedimentales) nas que tería lugar esa integración. Que é unha preocupación do goberno galego e que a institución recolle a luva. Que o resultado depende de se se chega a un acordo co SERGAS e que polo momento estamos nese proceso.


Intervén o Sr. Federico Fernández para rogar que se solucionen os problemas coa wifi que afectan aos alumnos; que se solucionen problemas que suscita a devolución do cartón universitario e tamén para convidar a xerencia para discutir a RPT, que se non é posible pór en marcha o disposto na disposición adicional 9ª do Convenio Colectivo pasar á disposición Adicional 4ª e intentar chegar a un acordo.

Intervén a Sra. Saleta Vidal para preguntar polas bolsas de comedor.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:40 horas do día 29 de setembro de 2011 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor  
  
 Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral  
  
 Mª. Inmaculada Valeije Álvarez

